

The background of the entire page is a photograph of several wooden planks of varying lengths and widths, arranged in a somewhat haphazard manner. A large, semi-transparent red rectangle is overlaid on the left side of the image, covering approximately two-thirds of the width. The text is white and positioned within this red area.

# **MEMORIA ANUAL 2024**

**ASOCIACIÓN DEREITO A  
MORRER DIGNAMENTE**

**G A L I C I A**

[derechoamorir.org](http://derechoamorir.org)

# Presentación

---

*O ano 2024 veu marcado na DMD Galicia esencialmente por tres aspectos: no que atingue á expansión pola continuidade da campaña de difusión do Documento de Instruccións Previas (DIP) ou Testamento Vital (TV); no interno polo cambio de directiva, xa que Miguel Anxo García deixou paso a Isabel Blanco na presidencia da asociación; e, no persoal ou sentimental, polo falecemento de Laura Fernández Abalde, activista de longa traxectoria na DMD Galicia e compañeira na directiva que encabezou unha forte e victoriosa campaña para esixirlle á Xunta e aos sectores implicados unha redución dos tempos no proceso eutanásico.*

*A actividade de difusión do Testamento Vital e dos obxectivos da DMD foi especialmente intensa nas provincias de Pontevedra e A Coruña, centrandose en cidades como Vigo, Ferrol e a capital coruñesa, sen descoidar vilas máis pequenas coma Betanzos, O Porriño, Ponteareas ou Lalín. Somos conscientes da necesidade de incrementar a actividade nas provincias de Lugo e Ourense, onde temos persoas asociadas pero necesitamos un maior activismo para dar a coñecer a nosa existencia, a importancia da Lei Orgánica de Regulación da Eutanasia e a necesidade que a xente faga e rexistre o seu correspondente Documento de Instruccións Previas.*

*A nosa actividade viuse favorecida tamén pola colaboración con asociacións coma a AECC en Galicia, e coa Aula+60 de Afundación ABANCA. Esta actividade, xunto coa repercusión en medios da loita da nosa compañeira Laura, permitiron incrementar en trece o número de persoas asociadas.*

*Aínda que ao longo desta memoria deixamos pegada evidente da figura e da loita de Laura Fernández Abalde, non podemos deixar de reiterar a importancia, simbólica e real, de que unha persoa decida deixar testemuña nos medios da súa loita fronte a unha maquinaria burocrática que comezou colocando a súa petición de eutanasia "onde regulamentariamente lle correspondía", e que tivo que admitir finalmente que os prazos para unha morte digna podían acurtarse considerablemente. En Galicia os prazos para que se faga unha eutanasia poden ir dos corenta aos case cen días, Laura conseguiu en 22 días, e sempre dentro da legalidade. A habitación 705 da Unidade de Coidados Paliativos do Hospital Meixoeiro de Vigo converteuse durante as primeiras semanas de novembro de 2024 na "capital" da loita pola morte digna en Galicia, ducias de xornalistas pasaron por alí e deixaron constancia nos seus medios da batalla, exitosa, de Laura por "morrer ben". O resto dos membros da directiva, e os asociados na comunidade, estamos decididos a manter o espírito combativo de Laura nos anos vindeiros.*

---

### ACCIÓN POLÍTICA

*Extracto do plan estratéxico de DMD Federal (2022-2026)*

- Visibilizar o traballo de DMD: defender os dereitos ao final da vida; monitorizar a aplicación da LORE; denunciar incumprimentos, etc.
- Contribuír á reflexión e ao debate sobre a autonomía ao final da vida e morte voluntaria.
- Mantermos como entidade de referencia en materia de eutanasia e boa morte.

As institucións teñen un papel fundamental na promoción da morte digna como un valor social, por elo, desde DMD Galicia continuamos impulsando o mantemento e a creación de espazos de relación e participación con distintas institucións do ámbito municipal, autonómico e da administración así como con asociacións afíns. Neste sentido, as accións máis significativas foron:

#### Incidencia a nivel autonómico.

- Celebración do día da morte digna en Galicia

Conmemoración do aniversario da morte de Ramón Sampedor, reivindicando un ano máis o recoñecemento institucional do doce de xaneiro coma o "Día da Morte Digna en Galicia". O acto congregou na Praza do Obradoiro de Santiago a máis de trinta activistas e simpatizantes de DMD Galicia. No acto participaron tamén a alcaldesa de Santiago, Goretti Sanmartín, e a deputada nacionalista Noa Presas.

- Pregunta socialista no Parlamento galego sobre os retrasos na tramitación de eutanasias



Días despois do falecemento por eutanasia da nosa compañeira Laura Fernández Abalde, o grupo socialista no Parlamento galego fíxose eco da preocupación transmitida pola directiva de DMD Galicia sobre os retrasos no proceso eutanásico na nosa comunidade. A deputada [socialista Elena Espinosa criticou os retrasos](#), sinalando que "cando se quere, pódese facer en prazos máis breves, como se demostrou no caso de Laura".

O conselleiro de Sanidade dixo que o goberno galego respecta escrupulosamente a LORE, ó tempo que comunicaba que en Galicia foron realizadas 14 eutanasias no que vai de ano, o 41 por cento das solicitadas. Elena Espinosa instou logo á Xunta a activar o rexistro de obxectores de conciencia e a mellorar o tempos de designación do médico responsable.

- Participación de DMD Galicia na Coordinadora Galega de ONGD

Unha socia de DMD Galicia participou en varias xuntanzas cos integrantes da Coordinadora Galega de oenegués, co obxectivo de participar e axudar no posible no traballo das asociacións non gobernamentais que traballan en Galicia, especialmente das do ámbito sanitario e social.

- Información sobre eutanasia e testamento vital para a FEGAMP (Federación Galega de Concellos e Provincias)

A directiva da DMD Galicia facilitoulle información do estado actual de cumprimento da LORE á Federación Galega de Municipios e Provincias, (FEGAMP). A información foi solicitada pola secretaria xeral da FEGAMP, Patricia Vilán. A FEGAMP apoiou recentemente iniciativas da DMD Galicia como a solicitude de que o 12 de xaneiro sexa declarado oficialmente como Día da Morte Digna en Galicia.



## EXPANSIÓN

*Extracto do plan estratéxico de DMD Federal (2022-2026)*

- Llegar a la ciudadanía.
- Más personas asociadas.
- Mayor participación de las personas asociadas.
- Modelo de grupos.
- Formación del activismo.

O traballo de Expansión quere que a Asociación medre, non só en número de persoas asociadas, tamén a nivel interno busca que máis persoas participen do traballo que se fai en DMD Galicia. Semella evidente que máis persoas asociadas ofrecen máis capacidade económica e máis persoas traballando de xeito activo, esto último amais é fundamental para xenerar un relevamento que faga perdurar a Asociación no tempo.

## Chegar á cidadanía.

Unha das liñas principais de traballo para chegar á cidadanía é a organización de actividades de difusión, e establecer relacións con outros colectivos cos que facer actividades conxuntas.

### ■ ENERO

#### **Os dereitos sanitarios ao final da vida, explicados por DMD G nunha taberna de Cangas**

*A taberna "O Jefe" de Cangas foi o inusual escenario dunha charla de DMD Galicia. Isabel Blanco e Neves Núñez faláron alí dos dereitos sanitarios ao final da vida e de todo o relacionado co testamento vital ou documento de instrucións previas.*

#### **II Xornada Galega sobre Morte Digna.**

*Con esta  xornada DMDG pretende potenciar a difusión das cuestións relevantes relacionadas coa morte digna, cos dereitos e decisións das persoas e coa atención debida ás súas necesidades de coidado. Búscase tamén estimular a reflexión, discusión e participación na construción doutra forma de facer a vida, e a morte como parte dela, máis atenta ao obrigado respecto á dignidade que toda persoa posúe.*

### ■ ABRIL

#### **Charla sobre os dereitos sanitarios ao final da vida**

*A presidenta e a vicepresidenta de DMD Galicia, Isabel Blanco e Alexandra Sanmarful, faláron na Cooperativa de Consumo Arbore, de Vigo, sobre os dereitos sanitarios ao final da vida. As compañeiras fixeron unha explicación detallada do testamento vital, que é, cómo redactalo e cómo rexistralo. No marco dos dereitos sanitarios ao final da vida, Isabel e Alexandra fixeron a súa disertación cun enfoque moi ligado ao consumo responsable e á autonomía persoal, en coherencia co marco cooperativo onde se celebrou a charla.*

#### **Información sobre testamento vital e asesoramento en xeral sobre os dereitos ao remate da vida**

*Todos os segundos martes de cada mes, na Cooperativa A Morada de Vigo, realizamos reunións abertas ao público interesado nos dereitos ao final da vida, con especial adicación á información sobre o testamento vital, documento que consideramos esencial. Durante boa parte do ano tamén fixemos reunións similares en Ferrol, os primeiros mércores de cada mes, aproveitando as actividades da Aula+60 de AFundación Abanca.*

#### **Colaboración coa AECC G, Aula +60 de AFundación, SOS Sanidade, Coordinadora Galega de ONGs**

*A dirección e os activistas de DMD Galicia colaboran habitualmente con distintas entidades e asociacións que comparten dalgún xeito os nosos obxectivos ou que queren darllos a coñecer aos seus asociados. Entre estas entidades figura a Asociación Española contra o Cancro en Galicia (AECC G), coa que realizamos actos de difusión do testamento vital en Ferrol, A Coruña e Santiago. Os actos coa AECC G celébranse normalmente en locais cedidos pola Aula+60 AFundación Abanca. Tamén colaboramos con asociacións como SOS Sanidade, en defensa da sanidade pública galega, e coa Coordinadora Galega de ONGs. Outras colaboracións con entidades locais permitiron facer actos en lugares coma Vigo, Redondela ou Ponteareas.*

### JUNIO

#### O testamento vital, un dereito sanitario. Charla de DMD G no CeMIT de Betanzos

*Dentro das actividades da DMD G para dar a coñecer o documento de instrucións previas, ou testamento vital, a presidenta da asociación en Galicia, Isabel Blanco, e a vogal da directiva, Lola Pazo, impartiron unha charla-debate na Aula de Informática CeMIT do concello de Betanzos.*

### SEPTIEMBRE

#### Charlas sobre testamento vital en colaboración coa AECC Galicia.

*En colaboración coa Asociación contra o Cancro de Galicia (AECC G), e a Aula+60 de Afundación Abanca, celebramos unha primeira charla-coloquio en Ferrol. Máis de 40 persoas asistiron á actividade, centrada no testamento vital e os dereitos sanitarios ao final da vida. Nesta charla, levada adiante pola presidenta de DMD G, participou a nosa compañeira na directiva Laura Fernández Abalde, na que finalmente sería a súa última actividade coa DMD G.*

### OCTUBRE

#### Testamento vital, os nosos dereitos sanitarios. Charla e debate en Redondela

*Un total de 35 persoas asistiron en Redondela ó acto sobre o testamento vital organizado polo Colectivo Republicano da vila, en colaboración co concello e con DMD Galicia. Antes do comezo do acto proxectouse o corto de César Vallejo, "Eutanasia, a viaxe a Islandia". Deseguido, a presidenta de DMD Galicia, Isabel Blanco, falou do testamento vital e dos distintos procedementos para facelo, así como das recomendacións e vantaxes de ter feito o documento de instrucións previas.*

#### Charla sobre testamento vital en Ferrol

*A activista de DMD Galicia en Ferrol, Fina Feal, informou de novo sobre testamento vital e decisións ao final da vida, nun acto organizado na cidade departamental pola asociación cultural Fuco Buxán.*

### NOVIEMBRE

#### Testamento vital, a súa vida, as túas decisións. Charla da DMD G na Coruña

*A sede de AFundación Abanca Aula+60 foi escenario dunha nova charla sobre testamento vital, en colaboración coa Asociación Española contra o Cancro en Galicia (AECC G). A xuntanza, prevista inicialmente para un grupo pequeno de persoas interesadas, desbordou as previsións e xuntou na aula prevista a máis de corenta persoas, cun gran nivel de participación. A presidenta e o secretario de DMD Galicia atenderon as dúbidas sobre a elaboración, rexistro e seguemento do testamento vital ou documento de instrucións previas.*

#### Testamento vital: a túa vida, as tuas decisións. Nova charla da DMD G en Ferrol

*A segunda charla da DMD este ano en Ferrol tamén encheu case totalmente o salón de actos de AFundación Abanca, nunha actividade realizada en colaboración coa Asociación Española contra o Cancro en Galicia (AECC G). A dirección de DMD G deu ampla información sobre cómo recoller as últimas vontades no marco legal establecido pola LORE, respostando a numerosas preguntas de doentes oncolóxicos e das súas familias.*

### DICIEMBRE

#### Testamento vital: a túa vida, as túas decisións. Charla en Santiago, en colaboración coa AECC Galicia.

*A última das charlas sobre testamento vital en Galicia, realizadas por DMD G en colaboración coa AECC G, tamén encheu completamente o magnífico salón de actos de AFundación Abanca no centro do Santiago histórico. A presidenta e o secretario de DMD G, Isabel Blanco e Xosé Antón García, atenderon as preguntas dun auditorio inusualmente xoven, en gran parte pola iniciativa dun profesor da rama sanitaria de FP, socio de DMD, de traer á charla ás alumnas interesadas no tema.*


#### Dereitos sanitarios ao final da vida e testamento vital. Charla debate de DMD G en Ponteareas

*O Auditorio Municipal de Ponteareas foi escenario dunha nova charla e debate sobre o testamento vital e os dereitos sanitarios ao final da vida, realizada pola DMD Galicia e organizada polo Ateneo Amado Garra. A presidenta e maila vicepresidenta de DMD Galicia, Isabel Blanco e Alexandra Sanmarful respectivamente, aclararon as dúbidas do numeroso público presente sobre o documento de instrucións previas ou testamento vital.*

### Máis persoas asociadas.

Total socias y socios

O día 31 de decembro de 2024 a Asociación DMD en Galicia estaba integrada por 285 persoas asociadas, ao longo do ano producíronse 32 altas e 19 baixas.



### Formación a socias e socios.

Para que as persoas asociadas poidan participar de maneira activa na Asociación é necesario que poñamos á súa disposición espazos de formación accesibles. A formación á que tiveron acceso en 2024 é a seguinte:

#### ■ ENERO

##### **Seminario de formación DMD Galicia, en Ferrol**

*A directiva da DMD Galicia, Ascensión Cambrón, impartiu no Ateneo de Ferrol un seminario de formación para activistas e persoas interesadas no proceso eutanásico, testamento vital e dereitos ao final da vida.*

#### ■ MARZO

##### **Oito activistas de DMD Galicia participaron no programa de formación básica da AFDMD**

*Amais da participación da actual presidenta, Isabel Blanco, no grupo de traballo de formación estatal, un grupo de oito activistas de DMD Galicia seguiu o programa de Formación Básica da AFDMD.*

#### ■ ABRIL

##### **Participación de DMD G nas IV xornadas da DMD Asturias "Vida digna, morte digna. 40 anos de reivindicación"**

*Unha representación da directiva da DMD Galicia participou nas IV xornadas da asociación DMD Asturias "Vida Digna, morte digna. 40 anos de reivindicación", celebradas en Oviedo durante os días 18 e 19 de abril de 2024.*

#### ■ SEPTIEMBRE

##### **Participación de DMD Galicia no curso sobre a LORE organizado por DMD Euskadi.**

*Tres persoas de DMD Galicia, (a vicepresidenta, Alexandra Sanmarful; a vocal, Lola Pazo, e a asociada e ex secretaria Xulia Novales), participaron entre o 16 de setembro e os últimos días de decembro de 2024 na formación sobre a LORE organizada polos compañeiros de DMD Euskadi e realizada on line.*



## COMUNICACIÓN

*Extracto do plan estratéxico de DMD Federal (2022-2026)*

- Ser referente informativo de la ciudadanía, soci@s y prensa

### Relación con los medios de comunicación.

A lo largo de 2024 se ha reforzado nuestra relación con los medios de comunicación y podemos afirmar que somos referente claro para asesorar e informar en determinadas cuestiones relacionadas con la muerte voluntaria y los derechos al final de la vida.

#### ■ COMUNICADOS DE PRENSA

- 12 de xaneiro 📄 [comunicado en defensa o recoñecemento do 12 de xaneiro como día da Morte Digna na Galicia.](#)
- 24 de xuño 📄 [DMD Galicia denuncia nos medios que case un 45 por cento dos solicitantes de eutanasia morreron durante o proceso.](#)

A directiva da DMD Galicia fixo pública unha nota de prensa sobre a aplicación da LORE en Galicia. Nesa nota, amplamente difundida nos medios galegos, sinalamos que no que vai de ano foron realizadas 21 eutanasias, dun total de 58 solicitudes. As cifras proceden dunha publicación da Comisión de Garantías e Avaliación da Eutanasia de Galicia, sobre o período qu evai de xuño de 2021 a xuño de 2023. Nese informe sinala tamén a Xunta que 3 solicitudes foron denegadas e 8 revocadas polo propio doente. DMD Galicia esixiulle á Xunta máis información sobre a eutanasia e o testamento vital, e máis formación para os profesionais implicados no proceso.

- 19 de novembro 📄 [Morte por eutanasia da nosa compañeira Laura Fernández Abalde e a súa batalla para morrer dignamente.](#)



O dezanove de novembro de 2024, ás 9.50 da mañá, faleceu na Unidade de Coidados Paliativos do Hospital vigués do Meixoeiro, a nosa compañeira na directiva da DMD Galicia, 📄 [Laura Fernández Abalde.](#) A batalla de Laura por conseguir unha morte cómo e cando ela desexaba tivo eco en todos os medios de comunicación de Galicia, en boa parte dos de ámbito estatal e ata varios internacionais. Laura despediuse da vida rodeada da súa familia e do equipo médico. Poucos días antes do seu falecemento, dicía que ese era o seu desexo: "Paréceme un broche que nin nunha película de Hollywood, xamais agardei un final de vida tan bonito coma este". Laura padecía un cancro terminal e faleceu pola eutanasia solicitada o 29 de outubro, e fixoo despois de vencer as trabas burocráticas dun Servicio Galego de Saude empeñado en facer unha lectura "reglamentista" da LORE.

Finalmente, a insistencia de Laura e a súa repercusión mediática conseguiu o que parecía imposible: que fose autorizada unha eutanasia en 22 días, arredor da metade do tempo habitual en Galicia, entre corenta e setenta días. Laura morreu como viviu os seus 67 anos, loitando. Era activista do movemento veciñal vigués, amante dos paseos polo monte cos seus amigos, e integrante da dirección de DMD Galicia desde hai anos.

### ■ APARICIÓNS EN PRENSA

● 22 de xuño

🔗 [“De acompañar en partos a asesorar para morrer dignamente”](#)

Entrevista na Voz de Galicia.

Isabel Blanco, xinecóloga xubilada, acaba de poñerse á fronte do colectivo que aconsella en casos de eutanasia en Galicia: «Os que se opoñen son os mesmos que rexeitaban o aborto».

● 26 de xuño

Datos cumprimento LORE en Galicia, difundidos 🔗 [trala rolda de prensa da AFDMD](#). Intervención de DMD Galicia.



Os medios galegos fixéronse eco da rolda de prensa da AFDMD, e dos facilitados inmediatamente pola Comisión de Garantías e Avaliación da Eutanasia de Galicia. O titular máis repetido denunciaba que case un de cada tres galegos morren mentres agardan recibir a eutanasia solicitada. A noticia, con inclusión nalgúns casos de resposta da DMD Galicia, saíu na maior parte das emisoras e nos xornais máis importantes da comunidade: La Voz de Galicia, Faro de Vigo, Diario de Pontevedra, El Progreso de Lugo, etc..

#### DIARIO DE PONTEVEDRA

🔗 [“Galicia es una de las ocho comunidades sin informes sobre la Ley de Eutanasia.”](#)

#### LA VOZ DE GALICIA

🔗 [“Casi uno de cada tres gallegos fallecen mientras esperan recibir la eutanasia.”](#)

#### PRAZA PÚBLICA

🔗 [“O 35% das persoas que solicitaron a eutanasia en Galicia morreron antes de que se resolvese o procedemento.”](#)

#### FARO DE VIGO

🔗 [“Un tercio de los gallegos que piden la eutanasia fallecen mientras tramitan la solicitud.”](#)

#### EL PROGRESO

🔗 [“El SERGAS llevó a cabo 27 eutanasias de las 75 solicitadas en dos años y medio”](#)

#### G24

🔗 [“Ata 2023 en Galicia leváronse a cabo o 36 % das solicitudes de eutanasia que se solicitaron”](#)

● 27 de xuño

🔗 [“O SERGAS realizou só 1 de cada 3 eutanasias solicitadas”](#)

Entrevista na Diario Nos.

Isabel Blanco, xinecóloga xubilada é presidenta de Dereito a Morrer Dignamente (DMD) na Galiza. En conversa con Nós Diario incide na necesidade de “máis información e formación” a respecto da eutanasia.

● 27 de setembro

🔗 [“La gente piensa en el testamento vital cuando vive de cerca una muerte difícil.”](#)

Crónica da actividade de DMD en Afundación. Diario de Ferrol.

La presidenta de DMD considera que falta mucha información. “Si te metes no portal da Xunta atopas unha serie de información deslabazada, nada clarificadora, sobre o testamento vital e outras cuestións. Temos que avanzar moito”



### ■ NOTICIAS RELACIONADAS CON LAURA

● 11 de novembro

📖 **"Cuando el cáncer corre más que la burocracia: el miedo de Laura a que su eutanasia no llegue a tiempo"**

Primer artículo publicado sobre la petición de Laura. El Diario.

Esta activista por el derecho a morir demanda a la Xunta que acelere los trámites para no fallecer mientras espera, como le sucede a un tercio de los demandantes gallegos.

● 14 de novembro

📖 **"La Xunta asegura que cumple «estritamente» con los procedimientos para los casos de eutanasia"**

Artículo en La Voz de Galicia.

Derecho a Morir Dignamente (DMD) a la Xunta cuando dice que no existe un procedimiento abreviado.

● 14 de novembro

📖 **"Derecho a Morir Dignamente replica a Sanidade que "por supuesto que existe" un procedimiento abreviado para la eutanasia"**

Artículo en La Vanguardia.

La Asociación DMD responde a la Consellería de Sanidad, "por supuesto que existe" la posibilidad de un "procedimiento abreviado" para acceder a la eutanasia, en casos como el de la paciente ingresada en Vigo que denunció el PSdeG.

● 14 de novembro

📖 **"Decisión personal"**

Artículo en El Progreso de Lugo.

● 15 de novembro

📖 **"Laura lucha por su eutanasia: "Vislumbro la despedida dando gracias a la vida"**

Artículo en El Heraldo.

● 16 de novembro

📖 **"La lucha de Laura por la eutanasia: "Vislumbro la despedida dando gracias a la vida""**

Artículo en ABC.

A los 67 años, Laura Fernández Abalde afronta sus últimos días de vida con una serenidad que impresiona, "cansada", pero "feliz", en la unidad de cuidados paliativos del Hospital Meixoeiro de Vigo, donde ha luchado para tramitar la solicitud de eutanasia que, cuenta, ha sido ya aprobada, aunque todavía espera el correo que se la confirme.

● 19 de novembro

📖 **"El adiós de Laura tras conseguir acelerar los trámites para su eutanasia: Nunca esperé un final tan bonito".**

Podcast de La SER.

● 19 de novembro

📖 **"El último mensaje de Laura tras conseguir acelerar su eutanasia: "Nunca esperé un final tan bonito""**

Artículo en El Diario.

La activista, aquejada por un cáncer terminal, logró su objetivo y recibió la ayuda para morir dignamente este martes, veinte días después de su primera petición, en lugar de los cuarenta que "como mínimo" hay que aguardar en Galicia.

● 19 de novembro

📖 **"Laura quiere «morir feliz», pero los trámites son más lentos que su cáncer"**

Artículo en La Voz de Galicia.

La viguesa lucha por recibir la eutanasia antes de que la enfermedad la apague.

### ATENCIÓN PERSONALIZADA

*Extracto do plan estratéxico de DMD Federal (2022-2026)*

- Mellorar a atención personalizada e manernos como referentes na defensa do dereito á eutanasia e dos dereitos ao final da vida.
- Seguir ofrecendo información e asesoramento básicos a toda a poboación.

### Asesoramiento en Galicia

DMD ofrece  **asesoramento** de xeito gratuíto a calquera persoa que o necesite, aínda que è certo que unha parte da atención, fundamentalmente cando esta require maiores recursos, faise unicamente para persoas asociadas.

O grupo de atención personalizada estivo composto por cinco persoas en 2024, catro despois do falecemento da nosa compañeira Laura Fernández Abalde. As restantes persoas encargadas desa atención foron Isabel Blanco (actual presidenta), Alexandra SAnmarful (actual vicepresidenta) e as vocais Dolores Pazo e Leo Estévez. A atención fixémosla, en principio, a través do noso correo electrónico ([dmdgalicia@derechoamorrir.org](mailto:dmdgalicia@derechoamorrir.org)), sen que neste ano 2024 houbera lugar a contactos persoais, aínda que nalgúns casos sí que houbo algún tipo de contacto telefónico.

A maior parte das consultas ou peticións de información ou apoio (un total de doce) foron as relacionadas coa operativa necesaria para pedir e realizar unha eutanasia. Dúas desas consultas estaban relacionadas coa posibilidade de pedir unha entanasia en caso de enfermidade mental; outras dúas peticións de información eran de persoas que querían pedir a posta en marcha da súa petición, e unha terceira que xa fixera a primeira petición e tiña dúbidas sobre os pasos a seguir e prazos posteriores. Outras doce persoas dirixíronse ao noso correo electrónico para pedir información sobre o proceso para facer e rexistrar o seu testamento vital. A todas elas fixémoslle chegar os pasos, impresos e documentación necesarios, así como unha guía dos puntos de rexistro habilitados pola consellería de Sanidade. Tamén se lles informou dos actos previstos de difusión do testamento vital, así como da posibilidade de acudir á cita mensual habilitada por DMD en Vigo. Houbo tamén outras sete peticións de información xenérica sobre DMD Galicia e sobre os seus medios e obxectivos. Amais da media ducia de persoas que fixeron peticións non acordes cos obxectivos de DMD e coa actual Lei Organica de Regulamentación da Eutanasia. DMD Galicia tamén recibiu correos electrónicos de catro persoas doutros países preguntando se poderían acollerse á lei da eutanasia en España.

Entrou tamén en 2024 o dun médico responsable dunha doente galega co proceso eutanásico en marcha, comunicándose con nos para dicirnos que a súa paciente desexaba facer unha doación a DMD. A cousa finalmente non se concretou.

Dos 46 correos electrónicos recibidos para atención personalizada, so 4 se identificaban como asociados da DMD. A maior parte dos 42 restantes sinalaban que non eran socios pero coñecían a existencia e funcionamento da asociación en Galicia.



A atención personalizada tamén se realizou durante 2024 nun punto de información en Vigo, a maior cidade de Galicia. A atención faixe habitualmente os segundos martes de cada mes, a partir das seis da tarde e durante o tempo necesario. O acto realízase na Cooperativa A Morada de Vigo, na Rúa Enrique Macías, número 6, entidade que ven colaborando de vello coa DMD, cedendo os seus locais e medios para roldas de prensa, atención personalizada e calquera outra actividade similar.

Durante boa parte de 2024 tamén abrimos outro punto de información e atención personalizada en Ferrol, unha vez ao mes, pero as dificultades organizativas impedíronnos manter este punto, aínda que a intención e recuperalo en canto DMD Galicia poida.

## XESTIÓN E TRABALLO INTERNO

### Asamblea anual ordinaria da DMD Galicia.

O once de abril de 2024 celébrase na facultade de Filosofía da USC a asamblea anual ordinaria da DMD Galicia, na que se aproban as actas, contas e [memoria de 2023](#). Tras a asemblea ordinaria celebrouse outra extraordinaria, na que a directiva encabezada por Miguel Anxo García Álvarez anuncia que cesa nos cargos a petición propia. A nova xunta directiva da DMD Galicia, aprobada por unanimidade das trece persoas asistentes, queda composta do seguinte xeito: Presidenta: Isabel Blanco Domínguez; Vicepresidenta: Alexandra Sanmarful Schwarz; Secretario: Xosé Antón García Ferreiro; Tesoureiro: Antonio Ocampo Cardalda; vocais: Laura Fernández Abalde, Neves Núñez Delgado, Leonor Estévez Álvarez, María Dolores Pazo Ferreiro e Adriana Santos Muñoz.

### Funcionamento da Xunta Directiva

A xunta directiva da DMD Galicia mantén reunións mensuais, tanto presencialmente coma online a traves das canles abertas pola AFDMD. As reunións da directiva defínense como "ampliadas", dado que están abertas á participación de socios interesados en ter un maior protagonismo no activismo da asociación. A directiva, normalmente a través da presidenta e da vicepresidenta, asisten ás reunións federais. Tamén se participa nos grupos abertos en slack de xeito habitual, especialmente no que atingue ó estudo de cambios na LORE e ó traballo preparatorio dos números da revista da AFDMD.

### Caixa común da Asociación Federal

Na Asociación Federal temos un acordo polo que compartimos os recursos económicos, todos os ingresos concéntranse nunha Caixa Común que pretende:

- Mellorar o funcionamento da organización empregando os recursos humanos e materiais da federación coa máxima eficacia, diminuindo custes e poñendo a disposición dos grupos un equipo técnico para diferentes áreas de traballo.
- Descargar aos grupos sen capacidade para contratar a unha persoa para estas tarefas, facilitando o obxectivo fundamental da asociación: a difusión.
- Que todos os grupos teñan capacidade de desenvolver o Programa Estratéxico da Asociación sen que existan diferencias entre os grupos con maior capacidade económica e os que menos recursos económicos teñen.

A Caixa Común cobre os gastos directos de DMD Galicia e os gastos compartidos da organización, fundamentalmente o equipo técnico e o espazo de traballo. Estes gastos directos de DMD Galicia están claros posto que son os gastos que se poden asignar a Galicia de xeito directo, por outro lado, para calcular a parte do gasto compartido que debe cubrir cada Asociación repártese o montante total do gasto de Federal entre as diferentes Asociacións Federadas de xeito proporcional ao número de persoas asociadas.

### Ingresos e gastos de DMD galicia

|          |            |
|----------|------------|
| INGRESOS | 15.215,00€ |
| GASTOS   | 15.705,05€ |

|                  |             |
|------------------|-------------|
| GASTO DIRECTO    | 1.017,82 €  |
| GASTO COMPARTIDO | 14.069,99 € |



## As contas de DMD Galicia

En cada un destes parágrafos amósase o gasto total de DMD Galicia, que inclúe o gasto directo e o gasto compartido. Detállase amais nalgún parágrafo a parte correspondente ao gasto directo.

### COMISIÓNS CONTA CORRENTE

121,18€

### IMPOSTOS

14,53€

### GASTOS PROFESIONAIS

9.803,59€

### MATERIAL CORPORATIVO

1.298,04€

GASTO DIRECTO DE DMD GALICIA:

► Revista DMD ..... 1.138,00€

### ESPAZO E SUMINISTROS

1.330,52€

### MATERIAIS DE OFICINA

620,02€

GASTO DIRECTO DE DMD GALICIA:

► Reprografía e telefonía ..... 538,17€

### ACTIVIDADES

1.499,34€

GASTO DIRECTO DE DMD GALICIA:

► Gastos de organización e desenvolvemento de actividades. .... 1.499,34€

### OUTROS GASTOS DE AFDMD

1.017,82€

### Coordinación e integración en DMD Federal

DMD Galicia forma parte da Asociación Federal Derecho a Morir Dignamente, que integra a todas as Asociacións Autonómicas de DMD e todos os Grupos Locais en territorios que non dispoñen dunha Asociación Autonómica. Por un lado forma parte da Xunta Directiva de DMD Federal e participa da toma de decisión, por outro intégrase en todos os grupos de traballo e participa das actividades que se organizan, así como da súa Asamblea.

Dentro da estrutura da Xunta Directiva da AFDMD creouse unha Executiva, órgano formado pola Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría, Tesourería e a Vocalía de Comunicación, que xestiona a Asociación no día a día, así como temas de persoal.

#### ■ Participación galega na Xunta Directiva de DMD Federal

En 2024 a Directiva da DMD Federal convocouse nunha ocasión o 13 de marzo, e estiveron presentes Miguel Anxo e Isabel Blanco, presidente e vicepresidenta naquel momento.

Esta reunión convocouse coa idea de actualizar información sobre algún temas en curso desde 2023, como a creación da comisión de xuristas de DMD, a posta en marcha da ferramenta de xestión de datos, a formación básica para activistas de DMD, etc... pero tamén para prantexar cuestión novas como os actos previstos para o 40 aniversario de DMD, as Xornadas de Oviedo previstas para abril ou o Encontro interno de DMD previsto para outubro.

#### ■ Participación galega na Asamblea ordinaria da AFDMD

En xuño fíxose a Asamblea Ordinaria de Socios e Socias da Asociación Federal, no caso de Galicia asistiu a Directiva en representación de socios e socias de Galicia. Amais de aprobar o [balanza económico de 2023](#), [presupostos para 2024](#) e [a memoria de DMD Federal de 2023](#), nesta Asamblea faise resume das Xornadas realizadas en Oviedo, unha avaliación do terceiro ano da Lei de Eutanasia e comeza un debate interno sobre o suicidio por vida cumprida.

#### ■ Formación básica da AFDMD

Nunha das reunión da Asociación Federal de 2023 prantéxase a necesidade de desenvolver unha formación que se organice de xeito conxunto para activistas de todo o Estado, coa participación das Asociacións Autonómicas e Grupos Locais. DMD Galicia, a través de Isabel Blanco, forma parte deste grupo que comezou o seu traballo en 2023 e que desenvolveu a primeira formación en marzo de 2024.

#### ■ Revista de DMD



A revista de DMD organízase cun grupo de redacción no que teñen cabida todas as Asociacións Autonómicas e os Grupos Locais. A partir do mes de xuño, tras o cambio de directiva da DMD Galicia realizado en abril de 2024, o novo secretario da asociación e xornalista en exercicio, Xosé Antón García Ferreiro, intégrase no consello de redacción da revista da AFDMD.

No número 91 apareceu o artigo de Belén Trigo García, doutora en dereito civil da Universidade de Santiago de Compostela. Foi a Directora do curso de verán "A prestación de servizos sanitarios diante dos retos do S.XXI", no que participou DMD Galicia. Este artigo titulouse ["Cruel falta de formación"](#).

### ■ Xornadas da DMD

Este ano las  **"IV Jornadas de la Asociación Derecho a Morir Dignamente/Vida digna, muerte digna-40 años de reivindicación"** da federación fixéronse os días 18 e 19 de abril en Oviedo.

A organización e celebración destas Xornadas supuxo un gran reto de coordinación e de implicación da Asociación DMD Asturias que se viu recompensada cunha ampla participación de poñentes que desenvolven o seu traballo en Asturias e que puideron intercambiar experiencias cos que viñeron doutras partes do territorio nacional.



Informouse a todas as persoas asociadas destas xornadas, aínda que de xeito interno acudiron persoas en representación das Asociacións e Grupos Locais de DMD , de Galicia acudiron Isabel Blanco e Laura Fernández Abalde.

### ■ Encontro de DMD



O encontro DMD é unha cita presencial de traballo interno á que acoden persoas de todas as Asociacións e Grupos de DMD. O traballo desenvólvese ao longo dun día enteiro, dividido en varias sesións nas que se abordan diferentes temas de interese para a organización. A vicepresidenta, Alexandra Sanmarful, o secretario, Xosé Antón García Ferreiro e a vocal Lola Pazo representaron a DMD Galicia nunha nova edición do "Encontro DMD", que se celebrou entre os días 25 e 27 de outubro no Hotel Escola da Comunidade de Madrid.

Nesta edición abordouse a "morte voluntaria por vida cumprida" e "a prestación de axuda para morrer (PAM) e trastornos mentais" como temas de debate interno sobre os que establecer liñas de pensamento e de acción. Fíxose unha revisión do Programa Estratéxico e do contido do Testamento Vital de DMD e presentáronse e planificáronse accións conxuntas para a celebración do 40 aniversario de DMD





# **#LIBRES HASTA EL FINAL**

ASOCIACIÓN DERECHO A  
MORIR DIGNAMENTE

Esta memoria corresponde a la Asociación DMD Galicia 2024, podrá consultarse en la página web de la asociación:

 [www.derechoamorir.org](http://www.derechoamorir.org)